

## PROPOSTA DE EMENDAS AO PROXECTO DE ORDENANZA DE ZONA DE BAIXAS EMISIÓN S (ZBE) (EXPTE. 142483-210)

Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### EMENDA 1

#### Artigo 1.3 – OBXECTO

##### Proposta:

Redactar un novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) no prazo non maior aos 18 meses logo da entrada en vigor da Ordenanza de Baixas Emisión s posto que o actualmente en vigor foi redactado en 2014 (actualizado parcialmente en 2021) e no mesmo non aparece nen unha soa mención á creación e posta en marcha das Zonas de Baixas Emisión s.

Compre lembrar neste senso que as Zonas de Baixas Emisión s (ZBE) teñen que estar en consonancia e plenamente coordinadas cos PMUS, xa que logo non son unha media illada, senón que forman parte dunha estratexia integral de mobilidade.

### EMENDA 2

#### Artigo 3.3 – RÉXIME TEMPORAL DE ENTRADA EN VIGOR

##### Proposta:

**Ampliar ata os 18 meses o réxime de aplicación atenuado de cada unha das tres fases previstas e en consecuencia tamén o período de advertencia oficial aos usuarios afectados polas restrición s que se establecen nas mesmas.**

### EMENDA 3

#### Artigo 10.6 – SISTEMA DE XESTIÓN DE ACCESOS

##### Proposta:

Que o Concello estableza unha xanela específica de información cidadá y telefónica na lonxa do edificio consistorial a fin de axudar de xeito presencial a quen o precise cos trámites relativos á xestión das autorización s de acceso establecidas na presente

ordenanza. E que a aplicación informática que se porá a disposición estea habilitada antes da entrada en vigor da nova ordenanza, e non nun prazo de ata dos meses.

#### **EMENDA 4**

##### **Artigo 14 – CREACIÓN ESTRATEXIA ECODRIVING 2030**

###### **Proposta:**

**Adiantar a aprobación da estratexia Vigo ECODRIVING 2030** aos 18 meses logo da entrada en vigor da Ordenanza das ZBE desbotando a data límite do 31 de agosto de 2028 co obxectivo de coordinar todos os elementos vencellados a esta posta en marcha nun calendario unitario e con sentido.

#### **EMENDA 5**

##### **Artigo 16.1 – RÉXIME SANCIONADOR**

###### **Proposta:**

Adiar con carácter xenérico ata os 18 meses a entrada en vigor do réxime sancionador en cada unha das fases

#### **EMENDA 6**

##### **Artigo 16.1 – RÉXIME SANCIONADOR**

###### **Proposta:**

Co obxectivo de minorar as afeccións ás rendas máis baixas, crear unha **autorización temporal dun ano (renovable anualmente)** con carácter indefinido para circular nas zonas de baixas emisións sen ser multado ao cumprir os seguintes requisitos de ingresos:

- Unidade familiar de 1 persona: IPREM x 2.
- Unidade familiar de 2 personas: IPREM x 2,5.
- Unidade familiar de 3 personas: IPREM x 2,9.
- Unidade de 4 o máis personas: IPREM x 3,3.


#### **EMENDA 7**

##### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA (de nova creación)**

**Proposta:**

Potenciación do transporte municipal como alternativa ao uso do vehículo privado na procura dos obxectivos últimos desta Ordenanza descritos na Disposición adicional primeira mediante o reforzo das liñas e rutas do transporte urbano que conectan estas zonas e a **creación no autobús urbano de abonos mensuais e anuais sen límite de viaxes por unha tarifa plana de 20€ e 200 € respectivamente.**

Vigo, 12 de maio de 2026



Asdo. Luisa Sánchez Méndez

Portavoz Grupo Municipal PP

